

BASES DE SELECCIÓN DE UN POSTO DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, CONTRATADO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3)

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Vista a Resolución da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra de 6 de febreiro de 2026, pola que se concede unha subvención ao concello das Neves ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2026 (Liña 3), por importe de 124.224,69 euros, para a contratación de 9 persoas desempregadas, a xornada completa durante o ano 2026, cunha duración de: 7 meses no caso do/a fontaneiro/a, 6 meses o/a animador/a sociocultural, de 7 meses no caso dos dous peóns de obras públicas; 7 meses para os tres peóns forestais; 9 meses para os dous peóns de recollida de lixo.

Visto que con data 15/05/2026, o Concello das Neves presenta unha solicitude de reformulación da subvención concedida, motivado pola necesidade de cambiar a categoría de animador/a sociocultural pola de peóns de obras públicas por un período de 4 meses e actualizar os custos, e tendo en conta que esta modificación foi concedida por Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial do día 29 de maio de 2026.

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de unha persoa desempregada para o posto de peón de obras públicas, durante un período de 4 meses, ao abeiro do do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2026-2027 (PLAN +PROVINCIA 2026-2027) (LIÑA 3), publicado no BOPPO nº 1, de 2 de xaneiro de 2026.

Tal como como establecen as bases Reguladoras publicadas no BOP núm. 1 do 2/01/2026, as/os traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. **Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.**

No procedemento de selección teranse en conta criterios establecidos na convocatoria. O Concello será o que realice a selección definitiva da persoa candidata, de conformidade coa normativa aplicable, tendo en conta os criterios sinalados a continuación, e tendo en conta que, en todo caso, o contrato deberá formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución pola que se conceda a subvención. *Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:*

- Persoas en desemprego de longa duración.





- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Mozas e mozos, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.
- Persoas con niveis de renda máis baixos.

O contrato debe finalizar como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a súa subvencionabilidade poida exceder este período.

O concello deberá contratar o/a traballador/a a través da modalidade do **contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dadas de alta na Seguridade Social cos códigos 405 ao tratarse de contratacións a tempo completo.

Visto que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar a contratación laboral temporal a xornada completa (que comprende o custo salarial e a cotización á Seguridade Social), de traballadores/as desempregados/as (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, a persoa a contratar será a tempo completo, sendo o perfil profesionais, e tempo de duración do contrato o seguinte:

Un posto Peón de obras públicas: 4 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO: 96011029).

O contrato finalizará como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade que o contrato poida exceder este período.

As retribucións salariais da persoa contratada, será a correspondente ao salario mínimo interprofesional en vigor, no momento da formalización do contrato.

O Servizo Público de Emprego remitirá a correspondente relación de candidatos/as, tendo en conta as condicións requiridas, recaendo no Concello a competencia para efectúa a selección do persoal.



BASE SEGUNDA: A SELECCIÓN

A selección do/a traballador/a levarase a cabo entre os traballadores/as que figuren na relación remitida pola oficina de Emprego como consecuencia da previa formulación de Oferta Xenérica de Emprego Público polo Concello de As Neves.

As persoas candidatas en situación de desemprego deberán cumprir os seguintes requisitos no momento da presentación no Concello de As Neves:

- a) Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato, tal como se establece no Plan +Provincia 2026.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Ser español/a ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

BASE TERCEIRA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS

Os méritos que se terán en conta serán os seguintes

A) Formación : máximo de 3,50 puntos.

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, baremados do seguinte modo:

- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso





- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
 - Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
 - Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
 - Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
 - Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso
 - Programas formativos de alternancia Formación-Traballo rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1,00 puntos.
 - Por xornadas, seminarios ou congresos: 0.05 puntos/xornada, seminario ou congreso.
- No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos.

B) Coñecemento de galego: máximo 0,50 punto

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)

Por estar en posesión do CELGA 1: 0.15 puntos

Por estar en posesión do CELGA 2: 0.30 puntos.

Por estar en posesión do CELGA 3 ou curso de Iniciación ó galego: 0.40 puntos

Por estar en posesión do CELGA 4, curso de perfeccionamento, ou superiores: 0,50 puntos.

C) Méritos específicos: máximo 5,00 puntos.

Consonte ao previsto no capítulo III das Bases Reguladoras do **Plan + Provincia** para a activación do emprego 2026 (Liña-3), no que se establece que para a selección daráselle preferencia segundo se establece nesta orde ás persoas dos seguintes grupos:

Consonte ao previsto nas bases reguladoras da concesión de axudas, valorarase:

1. Persoas en desemprego de longa duración. Ata 1,10 puntos:

Figurar inscrito como demandante de emprego durante doce ou máis meses:

- Máis de 12 meses: 0,6 puntos
- Máis de 18 meses: 0,8 puntos
- Máis de 24 meses: 1,10 puntos.

Acreditarase con informe de períodos de inscrición no SEPEG.

2. Mulleres con baixa cualificación, 1,00 puntos

Muller que non finalizara os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grao Medio do sistema de Formación Profesional. Acreditarase mediante declaración responsable de datos de formación académica (Anexo III).



3. Persoas candidatas maiores de 45 anos. 0,90 puntos

Este suposto valorarase por medio da copia aportada do DNI

4. Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación. 0,85 puntos

Persoas menores de 30 anos que non finalizaran os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grao Medio do sistema de Formación Profesional, Acreditarase mediante o DNI ou NIE e a declaración responsable de datos de formación académica (Anexo III), para o caso das postos nos que non se esixe titulación.

5. Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65%, ou persoas que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego. 0,90 puntos.

Acreditarase mediante certificado de recoñecemento da discapacidade e informe médico xustificativo da compatibilidade coas funcións e tarefas propias do posto de traballo.

6. Víctimas de violencia de xénero. 0,80 puntos

Esta circunstancia acreditarase con arranxo a algún dos seguintes documentos:

- Copia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

7. Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo. 0,75 puntos

A estes efectos se entenderá por familia monoparental o previsto no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Deberá acreditarse mediante certificado administrativo de monoparentalidade expedido polos órganos competentes da Xunta de Galicia. Tamén poderá acreditarse mediante o certificado de convivencia e o libro de familia e/ou resolución xudicial de separación ou divorcio.

8. Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa. 0,60 puntos

Esta circunstancia será acreditada mediante certificado/volante de convivencia e declaración xurada de cobro de prestacións, axudas, ou pensións e entidade correspondente, da unidade familiar, conforme o **Anexo II**.



Datos ponderados con referencia ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples), en vigor no momento da selección.

Ata o 75% do IPREM 0,10 Puntos

Ata o 50% do IPREM 0,25 Puntos

Ata o 25% do IPREM 0,60 Puntos

A puntuación máxima acadable no apartado C) Méritos específicos será de **5,00 puntos**.

O cómputo total de puntos que se poden acadar na Base terceira, valoración de méritos é de 9 puntos, e en ningún caso se pode acadar máis desta puntuación.

BASE CUARTA: PROBA DE CARÁCTER PRÁCTICO

As persoas candidatas, deberán realizar, unha proba práctica, cuxa data e hora será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica e na páxina web, coa finalidade de avaliar os coñecementos nas funcións a desenvolver.

Esta proba práctica, valorarase ata un máximo de 5,00 puntos.

A realización da proba práctica é de obrigado cumprimento.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios de establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- *Persoas en desemprego de longa duración*
- *Mulleres con baixa cualificación*
- *Persoas candidatas maiores de 45 anos*
- *Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación*
- *Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego*
- *Vítimas de violencia de xénero*
- *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo*
- *Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa*

BASE QUINTA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse



no Rexistro Xeral do Concello das Neves, xunto coa documentación que aporten para ser baremada, de acordo co establecido nas presentes bases e tendo como data límite a data na que sexan convocados/as polo Servizo de Emprego.

Documentación específica a presentar:

Documentación xeral a presentar:

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II).
- Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos (Anexo II)
- Declaración de formación académica (Anexo III)
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (títulos, certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos, segundo corresponda:

- Informe do SEPEG, se fose o caso.
- Libro de familia.
- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, se fose o caso.
- Recoñecemento da discapacidade, se fose o caso.
- Certificado administrativo de familia monoparental se fose o caso.

BASE SEXTA: PROCEDIMENTO:

O sistema de selección será mediante a baremación dos méritos aportados e a realización dunha proba práctica.

Os méritos apreciaranse pola Tribunal de Selección á vista dos datos alegados e probados mediante a documentación oportuna, polas persoas candidatas, e da proba práctica, de carácter obrigatorio que se lles fará.

Aquela persoa que obteña a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos e a proba práctica de aptitude será proposta para o posto.

A Resolución de Alcaldía será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa sede electrónica contando as persoas candidatas cun prazo de 2 días hábiles para efectuar posibles reclamacións.

BASE SÉTIMA: LISTA DE RESERVA:



1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez a ata o remate das contratacións, integrada polas persoas candidatas que, reunindo os requisitos, no momento do chamamento, obtiveran as seguintes maiores puntuacións finais as do proposto/a para ocupala praza por rigorosa orde de puntuación. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

2.- No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo, sempre que se considerara oportuno.

BASE OITAVA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso e a proba práctica ou entrevista, e terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases.

Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vogais).

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación ca esixida as persoas aspirantes ás prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas de acordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas en quen deleguen.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada pola Sr. Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa sede electrónica.



BASE NOVENA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/a aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo máximo de 2 días hábiles, contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica, a seguinte documentación:

Copia da tarxeta de desemprego
Copia da tarxeta da Seguridade Social
Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

BASE DÉCIMA: TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS E COMUNICACIÓNS

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso autorizan o tratamento dos seus datos persoais ao Concello das Neves, para os trámites relacionados con este proceso selectivo.

Todas as comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica.

BASE UNDÉCIMA: IMPUGNACIÓN E RECLAMACIÓNS.

A presente convocatoria, as bases que a regulan e todos os actos administrativos que se deriven destas, así como as actuacións do Tribunal de valoración, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as na forma prevista legalmente na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No non previsto nas presentes Bases será de aplicación á lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenvolvemento da mesma.





Concello

As Neves

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D/DNA: _____

Enderezo: _____

DNI nº.: _____ Teléfono de contacto: _____

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello de As Neves para cubrir varias prazas mediante contratación temporal,

EXPOÑO:

- Que fun convocado/a pola Oficina de Emprego de Ponteareas para o posto de peón de obras públicas.
- Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- Que estou desempregado/a.
- Que estou inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia como demandante non ocupado.
- Que estou dispoñible para o emprego.
- Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- Que me comprometo a aportar no seu día os documentos acreditativos que se me requiran.
- Que autorizo expresamente ó Concello de As Neves a emitir ou obter volante de convivencia para ponderación de méritos conforme as bases de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a ó proceso selectivo convocado polo Concello de As Neves, e ó que fun convocado/a a través do Servizo Público de Emprego

E APORTO:

- Solicitud de participación
 - DNI
 - Titulación esixida para o caso do posto de animador/a sociocultural
 - Declaración Xurada, conforme Anexo II
 - Anexo III
 - Acreditación documental dos méritos alegados (Certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativas para a baremación dos méritos, segundo corresponda:





Concello

As Neves

- Informe do SEPEG, se fose o caso.
- Libro de familia.
- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, se fose o caso.
- Recoñecemento da discapacidade, se fose o caso.
- Certificado administrativo de familia monoparental se fose o caso.

As Neves, _____ de _____ de 2026



ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA

D/DNA _____

Enderezo: _____

DNI nº.: _____ Teléfono de contacto: _____

Vistas as bases de selección de persoal no Concello de As Neves ao abeiro do *Plan +Provincia para a activación do Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2026 (Liña 3)*, e para os efectos do cómputo do meu nivel de rendas, de maneira oficial e pública,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que na táboa incluída neste escrito se recollen todos os membros da unidade de convivencia do/a aspirante empadroados no Concello de As Neves, na residencia do/a aspirante, facendo constar a **totalidade dos ingresos** de calquera tipo obtidos por cada un deles, nos últimos **doce meses**.

<i>Nome e Apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>DNI</i>	<i>Parentesco</i>	<i>Ingresos</i>	<i>Procedencia dos ingresos</i>





Concello

As Neves

--	--	--	--	--	--

Que, no caso de non cumprimentar a táboa anterior, é coñecedor/a de que non poderá recibir ningún tipo de puntuación polas cargas familiares e/ou nivel de rendas recollidas nas bases da convocatoria.

Que, de existir algunha circunstancia específica de importancia para a valoración do nivel de rendas/cargas familiares dentro deste proceso selectivo, e comunicará ó Tribunal de forma inmediata, achegando un escrito e/ou informe de organismo competente.

Que mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza ao tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.

Que mediante a sinatura deste documento responsabilízase da veracidade de todos os datos que recolle, e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma nin Entidade Local, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función Pública.

Vistos estes antecedentes, é polo que:

SOLICITA

Se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.

As Neves, a _____ de _____ de 2026





ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE FORMACIÓN ACADÉMICA

D/Da. provisto/a de DNI
núm., con domicilio en
núm. piso.....C.P.....
Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Telefono.....

DECLARO BAIXO A MINA RESPONSABILIDADE:

Que o nivel de estudos mais alto que posúo é:

- ☐ Certificado de Estudos Primarios.
- ☐ Titulo de Graduado Escolar.
- ☐ Titulo ESO.
- ☐ Bacharelato.
- ☐ Formacion Profesional de Grao Medio.
- ☐ Formacion Profesional de Grao Superior.
- ☐ Grao, diplomatura ou licenciatura.

En As Neves , a de.....de 2026

Asdo:.....





Concello

As Neves

ANEXO IV: DOCUMENTACIÓN PARA FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

(Sólo para as persoas seleccionadas)

D/DNA

Enderezo: _____

DNI nº.: _____ Teléfono de contacto: _____

Sendo unha das persoas seleccionadas polo Concello de As Neves ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2026 (Liña 3), para o posto de _____

Por medio da presente e para formalización de contrato de traballo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- b) Estar desempleado/a e inscrito/a no Servizo Público de emprego de Galicia como demandante non ocupado/a, e dispoñible para o Emprego.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

E ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Tarxeta de desemprego
- Tarxeta da Seguridade Social
- Certificado de Conta Bancaria

As Neves, a _____ de _____ de 2026

Cod. Validación: 6J7DJ66NXTR2WMMAD3GL59ROA
Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

